

VI XORNADAS DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CEIP Francisco Vales Villamarín - ANPA Brigantium - IES Francisco Aguiar
CFR A Coruña - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Excmo. Concello de Betanzos

2 e 3 de xuño de 2017 - Aula de Cultura Xulio Cuns (edificio Liceo) BETANZOS
ACTIVIDADE RECOÑECIDA OFICIALMENTE POLA CONSELLERÍA DE CULTURA EDUCACIÓN E O. U.

(12 h na modalidade xornadas) - Certificación do CFR da Coruña para docentes en activo

- ENTREGARÁSELLE CERTIFICACIÓN DE ASISTENCIA AO RESTO DE PARTICIPANTES -

DE CARÁCTER GRATUÍTO

Patrocinadas polo Excmo. Concello de Betanzos e a Obra Social “la Caixa”

Educación é proporcionar unha formación integral e plena que axude aos nenos e nenas a configurar a súa identidade, así como a construír unha concepción da realidade que integre á vez o coñecemento e a valoración ética e moral desta.

Educación en igualdade supón educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo e con respecto cara ás demais persoas.

A coeducación é, xa que logo, un estilo educativo en si mesmo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto, en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Na escola e na familia, en tanto que formadoras de actitudes de nenos e nenas, están os alicerces para a superación dos prexuízos sexistas e para a provocación dun cambio en profundidade das estruturas e prácticas sociais non desexables. A escola e a familia deben pois contribuír aos procesos de socialización do alumnado e evitar estereotipos sexistas.

EDUCACIÓN EN IGUALDADE e COEDUCACIÓN serán os eixes das VI Xornadas de Formación e Sensibilización sobre a Atención á Diversidade, que celebraremos o VENRES 2 e o SÁBADO 3 de xuño, nun novo encontro entre docentes, familias e institucións, e no que, ao igual que en anteriores anos, contaremos con profesionais, asociacións e entidades que traballan a prol da DIVERSIDADE, e con actividades paralelas de carácter lúdico-cultural.

DIRIXIDO A:

Docentes, pais e nais e persoas interesadas, en xeral.

COMO INSCRIBIRSE:

Docentes:

<https://www.edu.xunta.es/fprofe/>

Non docentes:

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

DATA LÍMITE INSCRIPCIÓN:

19 de maio de 2017.

PAZAS LIMITADAS

Segundo criterios xerais do Plan Anual de Formación do Profesorado e os específicos da actividade.

INFORMACIÓN ADICIONAL:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvalesvillamarin/>
<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

VI XORNADAS DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
Betanzos, 2 e 3 de xuño de 2017

APERTURA (16:45 h - 17:00 h)

Representante da organización das Xornadas
Director do CFR da Coruña
Alcalde do Excmo. Concello de Betanzos

1. PRESENTACIÓN. UNHA LONGA VIAXE: NA PROCURA DUNHA ESCOLA DE CORES (17:00 h - 17:15 h)

- O respecto á diversidade, a verdadeira liberdade de todas as persoas para escoller como ser, como sentir e a quen amar pasa indiscutiblemente por acadar a plena igualdade entre homes e mulleres.
Son as nosas escolas modelos para educar en igualdade?
Somos nós, profesorado e familias, modelos para este fin?
Unha longa viaxe iniciouse hai xa seis anos na nosa comunidade educativa na procura dunha escola verdadeiramente inclusiva. Este curso viaxamos en globo polo mundo na procura do noso soño, pero unha pesada carga frea o noso voo. Soltemos lastre para poder voar e acadar a transformación social que permita a cada quen cumprir o seu soño.

LUCÍA RUIZ CASAL (Licenciada en Psicopedagogía e orientadora do CEIP Francisco Vales Villamarín - Betanzos).

2. MASCULINIDADES E DIVERSIDADE (17:15 h - 18:45 h)

- Desenvolvemento do traballo de intervención-innovación educativa no marco da igualdade, a prevención da violencia machista na escola, a mellora das relacións de paz e a aprendizaxe do coidado para os homes. Presentación do Proxecto Ulises e algunhas das súas estratexias de acción e investigación.

ERICK PESCADOR ALBIACH (Sociólogo e sexólogo. Especialista en xénero, masculinidades e prevención das violencias machistas. Psicoterapeuta de orientación humanista. Creador e coordinador do *PROYECTO ULISES*. Foi asesor e promotor de programas con homes no Ministerio de Igualdade e é membro do equipo técnico da Estratexia de Saúde Sexual e Reprodutiva do Ministerio de Sanidade. Dirixe, preside, coordina ou é membro de distintas redes, centros, asociación ou webs relacionadas co xénero, a equidade, a igualdade ou as masculinidades).


DESCANSO 18:45 h - 19:10 h

3. COCIÑANDO A IGUALDADE, COMPARTINDO AS DIFERENZAS (19:15 h - 20:45 h)

- Facer consciente ao alumnado das vantaxes que supón ser diferente, da riqueza que achega, e da importancia de respectar e ser respectado, e dende aquí, o establecemento de relacións equitativas, son os principios do noso proxecto educativo. Imos na procura da construción dunha responsabilidade social no alumnado, que só conciba a realidade a partir do principio de igualdade

MARIAN LÓPEZ ROMALDE (Diplomada en Maxisterio na especialidade de EI e licenciada en Psicoloxía, na actualidade exerce de orientadora e directora do CEIP Plurilingüe San Xoán de Filgueira de Ferrol). **ANA MARÍA PÉREZ RICO** (Diplomada en Maxisterio, exerceu como mestra de PT e de E. Primaria e, na actualidade tamén imparte docencia no CEIP Plurilingüe de San Xoán de Filgueira). Ambas as dúas teñen participado como relatoras en diversos foros educativos e a súa formación e experiencia no ámbito da coeducación, convivencia, inclusión, novas metodoloxías e atención á diversidade, constátase na grande cantidade de premios e recoñecementos acadados polo seu centro nos últimos catorce anos.

Diferentes momentos das Xornadas de Formación e Sensibilización sobre a Atención á Diversidade, celebradas en cursos pasados.



4. FANTASMAS FAMILIARES (20:45 h - 21:45 h)

- O monologuista Quico Cadaval presenta os seus fantasmas familiares nun espectáculo de narración oral que recolle as experiencias persoais do artista e os terrores máis íntimos do público. O espectáculo creouse a partir de historias da tradición oral que se deformaron pouco a pouco; unhas historias que están baseadas en Galicia, pero que reflicten temas que son universais. Polos fantasmas familiares transitan espectros, valentes, teimudos, milagreiros, peixeiras, mariñeiros, mitos do rock, líderes relixiosos e cegos, taberneiras, reis, golpistas, presos, adiviños, sicarios, prostitutas, axentes da orde, industriais, gandeiros, cantores melódicos, filósofos, cans, vacas e outros fantasmas. Ou non.

Quico Cadaval, leva desenvolvendo desde os anos noventa un tipo de espectáculo unipersoal a medio camiño

entre a narración tradicional, a épica escénica e o cabaré literario. O espectáculo é sempre impreciso nos seus límites temáticos e estilísticos. Na súa forma actual, *Fantasmas Familiares*, aproveita a referencia do espectro das historias tradicionais, para explorar outras zonas espectrais da nosa conciencia, nosa memoria e a nosa percepción.



FRANCISCO CADAVAL AYUSO (Quico Cadaval -Ribeira, 1960- é un actor, director, adaptador teatral e narrador galego, impulsor do movemento de radio teatros xurdido en Galicia na década dos noventa. Aprendeu a contar contos logo de escoitar as historias que lle transmitían anciás, amas de casa e persoas da máis variada índole, que pasaban pola taberna do seu nacemento. Comezou a interpretación teatral a finais dos anos setenta no Centro Dramático Galego, e xa nos anos oitenta fundou a súa propia compañía: *O Moucho Clerc*. Traballou en diferentes producións da TVG, así como en curtametraxes e longametraxes, e recibiu diferentes premios polo seu traballo no teatro. Foi profesor de interpretación da Operación Triunfo portuguesa no ano 2003.

É autor de numerosos textos como *O Códice Clandestino* ou *Espantoso*, premio María Casares ao mellor texto orixinal do ano 2002. En teatro dirixiu entre outras as obras *Días sen gloria* de Roberto Vidal Bolaño, *Noite de Reis* de Shakespeare, *Oeste solitario*, de Martin McDonagh ou *Ópera dous tres reas* de Bertolt Brecht co Centro Dramático Galego.

5. E TI, SABES LER... PUBLICIDADE? (10:00 h - 12:00 h)

- A experiencia didáctica *E TI, SABES LER... PUBLICIDADE?* nace e medra no seo do Equipo de Biblioteca do IES de Curtis (A Coruña), co obxectivo de formar ao noso alumnado nunha lectura cada vez máis competente e reflexiva na complexa sociedade do século XXI.

Os conceptos de lectura e de lector ou lectora desbordan as definicións tradicionais: xa non só se le en formato papel e nas mensaxes, a miúdo, combínanse códigos de índole diversa para transmitir ideas coas que cómpre ser críticos. O noso alumnado, e o profesorado mesmamente, non só lemos textos convencionais, novelas, prensa... A diario temos que interpretar, por exemplo, mensaxes publicitarias que engaiolan pola súa estética pero que encerran contidos que convén analizar e enxuizar. Estamos preparados e preparadas para descifralas con rigor?

Preparamos ao noso alumnado para recoñecer estereotipos, falacias emocionais e outros ingredientes comúns no ámbito da publicidade?

Esta proposta didáctica ofrece unhas pautas de análise para aplicar aos anuncios que día a día podemos ver e que moi poucas veces lemos coa atención debida.

MARÍA SANCHEZ MANTEIGA (Licenciada en Filoloxía Hispánica, exerce como profesora de Lingua Castelá e Literatura no IES de Curtis, onde ademais traballa como membro do Equipo de Biblioteca e como coordinadora do Club de Lectura Fendetestas). **M^a BEGOÑA CENTOIRA BELLO** (Licenciada en Filoloxía Galega, exerce como profesora de Lingua Galega e Literatura no IES de Curtis, onde ademais traballa como membro do Equipo de Biblioteca e como colaboradora dentro do Club de Lectura Fendetestas).

DESCANSO 12:00 h - 12:25 h

6. COEDUCACIÓN EN ACCIÓN (12:30 h - 13:30 h)

- Abordarase a necesidade que, aínda hoxe en día, hai de coeducar baseándose na análise dalgunhas das dinámicas dos centros educativos e dos materiais de aula. Definirase o concepto de "Coeducación", amosando xa algúns recursos e estratexias para levar a igualdade á aula e, finalmente, relatarase brevemente algunha experiencia coeducativa concreta de aula en Secundaria.

MARIÁN MORENO LLANEZA (Profesora de L. Castelá e Literatura dende o ano 1990, actualmente imparte docencia no IES Emilio Alarcos de Xixón. Foi asesora do Centro de Profesorado de Avilés e no servizo de Avaliación, Calidade e Ordenación Académica da Consellería de Educación de Asturias. Impartiu e imparte cursos, relatorios e comunicacións pola práctica totalidade da xeografía española e algúns países latinoamericanos e ten publicados libros e artigos relacionados coa coeducación, a igualdade de xénero ou o machismo).

7. BRUXAS, PRINCESAS E OUTRAS MULLERES (16:00 h - 17:00 h)

- Na súa intervención, a ilustradora, fará un pequeno percorrido pola representación gráfica da muller sobre o papel, especialmente na literatura de ficción: como é representada segundo o contexto, o público ao que vai destinada esa imaxe e outros factores arraigados na sociedade, para pasar a explicar por que ela, coma muller e ilustradora, representa o seu mesmo xénero dun e doutro xeito, ata rematar cunha intervención práctica na que fará unha pequena demostración de como “interpreta estes papeis” da muller a través do papel.

NOEMÍ LÓPEZ VÁZQUEZ (Vivió case sempre en Lugo, onde se formou e comezou o seu camiño como ilustradora, imbuída, dende moi nena, polas lendas e os contos da tradición oral galega. Comezou facendo ilustracións para carteis, xornais, revistas... para ir pouco e pouco entrando no mundo da literatura educativa e de ficción ata chegar ao campo da animación. Na actualidade, os seus traballos están destinados principalmente á ilustración de libros de texto. Como apaixonada da literatura infantil e xuvenil ten participado en exposicións, salóns e feiras e impartido obradoiros e cursos e procura sempre ser unha boa transmisora de historias e emocións a través de mundos de papel).

8. INCLUÍDOS PARA INCLUIR - ARELAS. CRIANZAS QUE TRANS*FORMAN A SOCIEDADE (17:00 h - 17:30 h)

- A Asociación de familias de menores trans*, ARELAS, está constituída por familiares de nenxs e adolescentes transexuais e ten como finalidade a promoción e defensa dos seus dereitos, en todos os ámbitos da vida: educativo, sanitario, xudicial, cultural, deportivo e social.
Dende hai uns tres anos, estase a iniciar unha pequena revolución dunhas crianzas trans que un día deciden nomear e visibilizar unha realidade socialmente oculta: a transexualidade infantil. E esta revolución do xénero é posible tamén grazas a que cada vez hai máis familias que acompañan e respectan a identidade sentida dxs seus fillxs. Pero tamén é certo que esta visibilización dxs menores trans ven acompañada de discriminación, exclusión social, acoso escolar e transfobia social, polo que é necesario coñecer as realidades e vivencias das crianzas trans para lograr que poidan ter infancia e adolescencias felices.

CRISTINA PALACIOS CASTRO (Traballadora social e docente, presidenta de ARELAS, asociación que ven de redactar, xunto coa Consellería de Cultura, Educación e O.U. o Protocolo Educativo de Identidade de Xénero. ARELAS logrou o primeiro cambio legal de sexo e nome dun menor trans en Galicia e, actualmente, está a traballar, xunto co colectivo trans adulto, pola futura Lei galega de identidade de xénero).

DESCANSO 17:30 h - 17:55 h

9. QUEN QUERE SER FEMINISTA? (18:00 h - 19:30 h)

- O proceso de construírse unha vida propia ten que ver, sobre todo, con atopar unha voz a través da que expresarse e establecer o noso lugar no mundo. Escribir sobre a propia vida, xerar unha obra literaria contorna á propia vida e as lecturas, é unha forma de tomar o control, de ter poder, de aprender a ser feminista. Por que o feminismo se volve máis necesario que nunca? A través da experiencia persoal, dos testemuños, falaremos de como podemos tomar o control sobre as nosas vidas e de que o poder depende da capacidade de ocupar un lugar en todo tipo de discursos e que ese lugar -o noso lugar- conte para algo.

CARMEN GUTIÉRREZ DE LA CUEVA (Licenciada en Xornalismo e posgraduada en Literatura Comparada. Realizou estadías académicas en universidades de Alemaña e México, na Embaixada de España en Praga e no Instituto Cervantes de Londres. Colaborou e colabora con revistas e semanais e, dende o ano 2014, dirixe *La tribu*, comunidade virtual dedicada á difusión da literatura escrita por mulleres e o feminismo. É directora da editorial feminista *La señora Dalloway* e autora do libro *Mamá, quiero ser feminista*).

CLAUSURA (19:30 h - 19:45 h)

Representante da organización das Xornadas
Alcalde do Excmo. Concello de Betanzos

10. CONCERTO DE SOFÍA ESPIÑEIRA (19:45 h - 20:15 h)


- Músicas que saen de dentro e de fóra, da necesidade de expresar os sentimentos polos que a vida nos leva. Entre íntimo e público, entre rabias e alegrías, Sofía Espiñeira irá mudando as emocións e as historias ao tempo que mudan os ritmos da súa guitarra, mergullando ao público nun sentir común.

A través dos nove temas que compoñen *Alá onde agroman as herbas*, o seu primeiro disco, a cantautora viaxa con sinceridade cara a ese lugar harmonioso que está dentro de cada quen, o fío que nos une ao mundo.

SOFÍA ESPIÑEIRA LÓPEZ (Sofía Espiñeira comeza no espectáculo cando estaba a rematar os seus estudos de xornalismo e fórmase en danza e técnicas circenses. Máis tarde introdúcese no mundo do teatro da man da compañía Titereficciós e desde 2010 participa en proxectos de danza, circo e teatro. En abril do ano 2015 resulta gañadora do *II Certame de canción de autor* do concello de Teo, o que lle permite gravar o seu primeiro disco, *Alá onde agroman as herbas*, e aí comeza a súa andaina como cantautora).



VI XORNADAS DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A ATENCIÓN Á **DIVERSIDADE**



2 E 3 DE
XUÑO DE 2017
AULA DE CULTURA
XULIO CUNS
(EDIFICIO LICEO)
BETANZOS



ORGANIZAN:



IES Francisco Aguiar



CFR A Coruña



Consellería de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria



ANPA Brigantium



Excmo. Concello de Betanzos

PATROCINA:



Excmo. Concello de Betanzos



COLABORAN:

